



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS ULLA-UMIA (AERU) PARA O MANTEMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDA A EMIGRANTES RETORNADOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa a Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (Aeru) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que a Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer aos emigrantes retornados á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU), que ten a súa sede social en Caldas de Reis, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito provincial que naceu no ano 2013 co obxectivo de dar resposta as demandas dos emigrantes





retornados en relación cos problemas de tributación das pensións xeradas no estranxeiro, pero que, dadas as dificultades e a problemática que esta asociación detectou neste colectivo no seu proceso de retorno e adaptación, comezou a prestar un servizo de orientación e asesoramento orientado a facilitar a súa integración social e cultural na sociedade galega. Esta entidade agrupa a un número importante de socios na comarca de Caldas de Reis, e se configura como un punto de referencia ao que cada día acoden as persoas retornadas reclamando os seus servizos, polo que, dentro desta liña de atención ao retornado, está a desenvolver unha importante labor social a favor dos emigrantes galegos retornados e dos seus descendentes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para articular o financiamento dos gastos de funcionamento dunha Oficina de Información da Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU).

A dita oficina ten como finalidade a realización de actividades de información e asesoramento á colectividade galega retornada á Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Secretaría xeral da Emigración achegará unha contía global de seis mil euros (6.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que





estee efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

